



Concello de A Mezquita

BANDO

PROGRAMA EMPREGA MULLER

D. Rafael Pérez Vázquez, como Alcalde-Presidente do Concello de A Mezquita, polo presente,

FAI SABER:

Que a Consellería de Economía, Emprego e Industria publicou a Orde do 3 de abril do 2019 (DOGA nº 79 do 25 de abril do 2019), pola que se establecen as bases reguladoras dos **incentivos á contratación de mulleres desempregadas** que presentan desvantaxes e dificultades particulares para acceder ou permanecer no mercado de traballo, en base a estes bonos:

1.- **BONO DE CONTRATACIÓN**, por medio do cal se proporcionará unha subvención á contratación indefinida inicial, á contratación temporal cunha duración inicial mínima de 12 meses, á transformación de contratos temporais en indefinidos que deberán de ser a tempo completo, e no caso de contratos indefinidos a tempo parcial nos cales será subvencionable o incremento de xornada que deberá acadar a xornada a tempo completo ordinaria ou a establecida no convenio colectivo de aplicación

2.- **BONO DE FORMACIÓN** (opcional) dirixido ás mulleres contratadas por medio desta orde, para levar a cabo accións formativas que melloren os seus coñecementos e habilidades relacionados co posto de traballo, agás nos casos de incremento da xornada e transformación.

BENEFICIARIOS: persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica,

As **contías dos Incentivos** dependen do tipo de contratación e o **prazo para solicitalo** dependen de si xa está iniciada ou no a relación laboral, polo que para explicación destes apartados e para calquera outra dúbida, poden acudir ás oficinas do Concello en horario de 9:00 a 14:30 horas.

En A Mezquita.
O ALCALDE,
Asdo: Rafael Pérez Vázquez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA MARXE